



Ciclo de conferencias sobre T.I.C. no ámbito da Enxeñería Técnica Industrial

Conferencia 1ª - 14 de xullo

“As ferramentas T.I.C. na industria”

Estimado/a compañeiro/a:

As ferramentas TIC utilízanse amplamente en moitos sectores co fin de aumentar a competitividade e reducir os custos. Hoxe é visto como un vehículo imprescindible para obter unha vantaxe competitiva. A taxa anual de crecemento media do investimento en TIC en casi todos os sectores industriais está aumentando cada ano e constitúe agora unha parte significativa do custo total de cada proxecto. As políticas a longo prazo no sector TIC son un factor crave para un cambio de modelo económico baseado no coñecemento.

Preténdese dar unha primeira aproximación a estes conceptos e necesidades así como incidir nas infraestruturas dixitais comúns interconectadas, os servizos de información on-line, a creación de contidos e o desenvolvemento de estratexias de colaboración adicionais.

Relator: D. Ignacio Armesto Quiroga (Ver no dorso)

Data e horario: 14 de xullo de 2011, de 18:00 a 22:00 horas.

Lugar: Salón de Actos de COITIVIGO.

Nº de Prazas: Aforo do Salón de Actos.

Cuota: Gratuíta, previa inscrición.

Cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVIMENTO REGIONAL
“Unión económica de Galicia Europa”



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica

Contidos: (Ver no dorso)

Inscrición: A través da Web de COITIVIGO
(<http://www.coitivigo.es>), na súa páxina de inicio ---->



Documentación: No mesmo apartado da Web disporase dun acceso específico para utilización neste actividade. Nesta Web os participantes terán á súa disposición a información relativa á conferencia e a documentación para o seu seguimento.

Nota: A asignación de prazas realizarase por rigorosa orde de inscrición e aos seleccionados comunicaráselles por e-mail a dispoñibilidade de praza. Se a demanda o xustificase, trataríase de trasladar esta conferencia a outra localización, o cal comunicaría oportunamente.

A data límite para a recepción das inscricións remata o *Martes, 12 de xullo.*



José Manuel Jardón Quelle
Poñente de Formación



BREVE CURRÍCULUM VITAE DO RELATOR:

Ignacio Armesto Quiroga é Doutor Enxeñeiro Industrial e Profesor Titular de Universidad da Universidade de Vigo adscrito ó Departamento de Enxeñería de Sistemas e Automática. Organiza as Xornadas sobre Tecnoloxías e Solucións para a Automatización Industrial (JAI) e coordina o Máster Universitario en Mecatrónica (en preparación). Actualmente desempeña tamén as tarefas de Director da Área de Emprego da Universidade de Vigo (Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento). Ata esta data, ten participado en máis de dez proxectos rexionais/nacionais de investigación. Tamén ten participado en máis de quince proxectos realizados en diversas empresas e institucións (ESYPRO, FAURECIA, DALPHIMETAL, JOHNSON CONTROLS, PSA PEUGEOT CITROËN, VIZA AUTOMOCIÓN, ...).

RESUMEN DE CONTIDOS DA CONFERENCIA:

- Definición e historia das TI&C.
- Evolución das TI&C na xestión da empresa.
- As TI no control dos procesos.
- As TI&C nunha planta moderna. Exemplos:
 - Captura automática de datos na planta.
 - Control automático da produción.
 - Trazabilidade e control de calidade automático.
 - Cálculo automático de produtividades.
 - Xestión automática de stocks.